

## A RACIONALIDADE CIENTÍFICA: DEMARCACIÓN E MÉTODOS

### 1. O NACEMENTO DA CIENCIA MODERNA

A Ciencia pode ser considerada como a culminación do proceso de coñecemento e explicación racional da realidade. Pero, como xa indicamos na sección anterior, na súa orixe grega e durante moitos séculos non hai distinción nin separación entre Filosofía e Ciencia. Todo saber racional quedaba integrado na Filosofía (Matemáticas, Física, Bioloxía...): o obxectivo da Filosofía era a comprensión e explicación da realidade na súa totalidade buscando o verdadeiro coñecemento (*episteme* ou ciencia; a palabra ciencia procede de *scire* que significa saber), que pretendía acadar verdades necesarias e universais.

#### 1.1. O concepto antigo de Ciencia

Na Filosofía antiga e medieval o verdadeiro coñecemento ou ciencia ten sempre por obxecto o universal, pois do particular ou singular non hai ciencia; centrando así a súa investigación na esencia ou natureza específica dos seres. A esencia ou natureza, dirá Aristóteles, é o principio intrínseco que determina a actividade, movemento e repouso dos seres naturais. Polo que, canto ocorre na natureza ten unha finalidade (que é o desenvolvemento da esencia ou natureza dos seres).

Con esta perspectiva, xa dende Aristóteles, baseándose en observacións elementais (inxenuas !?) e en algúns prexuizados, acuñárase unha representación do Universo, unha Cosmoloxía, que se manterá practicamente intacta até o Renacemento, aliada e reforzada por crenzas relixiosas aportadas polo Cristianismo.

En síntese, esta representación antiga e medieval do Cosmos concibe un Universo esférico e cerrado coa Terra quieta no centro. Diferenciando claramente dous sectores heteroxéneos: a) o universo celeste, perfecto e inmutable, no que os astros, incorruptibles, describen movementos circulares e uniformes (perfectos), e b) o mundo terrestre corruptible e imperfecto. A mecánica dos corpos terrestres distingue entre os movementos *naturais*, determinados pola esencia ou natureza dos corpos, e os *violentos*, causados por unha forza externa.

As características ou presupostos deste modelo de saber científico poden sintetizarse así:

- a) *Esencialismo*: o obxectivo é o descubrimento da verdadeira esencia ou natureza dos seres, pois é a que explica o seu comportamento.
- b) *Teleoloxía*: os seres naturais teñen unha finalidade intrínseca, pois buscan realizar a súa esencia. O modelo, procedente da observación

dos seres vivos, é *organicista*, considerando o Universo como un gran organismo.

- c) Preferencia polo *cualitativo* fronte ao *cuantitativo*. A cuantificación matemática dos fenómenos carece de interese, reducindo o seu estudo a aspectos de tipo cualitativo: simple/composto, corruptible/incorruptible, natural/violento, pesado/livián, etc.

## 1.2. A revolución científica do Renacemento e o novo concepto de Ciencia

Toda a cosmovisión antiga empezará a ser revisada, e por fin desmontada totalmente, non sen grande resistencia por parte dos doutrinarios dogmáticos, na denominada revolución científica que se produciu no Renacemento.

- Primeiro, Copérnico cuestionará o xeocentrismo, poñendo no centro do Universo ao sol, e considerando á Terra como un planeta máis en movemento.
- Despois, Kepler descubrirá que as órbitas dos planetas son elípticas, e que o seu movemento non é nin circular nin uniforme.
- Galileo reforzará a nova visión astronómica e asentará as bases da nova mecánica terrestre formulando matematicamente as súas principais leis, dende a convicción de que o universo está escrito en caracteres matemáticos.
- Newton, por fin, unificará a mecánica celeste de Kepler e a mecánica terrestre de Galileo baixo o principio de gravitación universal e o principio de inercia. O Universo será finalmente infinito e homoxéneo, rexido polas mesmas leis naturais (da carácter matemático) en todas partes .

Pero, a revolución científica iniciada por Copérnico, non só revisou e cambiou a imaxe do Universo, senón que axudou a configurar un novo modelo de Ciencia, que progresivamente se irá separando e independizando da Filosofía. As principais características da nova Ciencia poderían resumirse así:

- a) *Fenomenismo*. Atención aos fenómenos observables e ás relacións de regularidade entre eles. As esencias non se observan, e o interese polas mesmas irá quedando relegado á Metafísica (máis alá da Física, e da Ciencia). As novas leis da natureza expresarán as relacións funcionais de regularidade entre fenómenos.
- b) *Mecanicismo*. A explicación dos fenómenos naturais non presupón a existencia de finalidade (non teleloxía). A investigación científica buscará as causas antecedentes dos fenómenos, sen presupór intencións ou fin ocultos. O modelo mecánico do Universo (a máquina) substitúe ao modelo organicista e teleolóxico aristotélico.
- c) *Cuantificación matemática* dos fenómenos. A análise cuantitativa dos fenómenos (pois a “natureza está escrita en caracteres matemáticos”) fará que as leis naturais se formulen como funcións matemáticas.

A nova Ciencia renacentista traerá consigo tamén unha grande preocupación por deseñar un método rigoroso para a investigación científica:

- F. Bacon proporá unha indución sólida e rigorosa, fronte á metodoloxía anquilosada dos aristotélicos (baseada na indución simple e inxenua, e na dedución siloxística). Rexeita tamén o abuso dos argumentos de autoridade (“de papel”) e os prexuízos, que deforman os feitos reais.
- R. Descartes, inspirándose nas Matemáticas como saber máis seguro, proporá o método dedutivo en todos os campos do saber, con poucas concesións á experiencia sensible.
- Galileo será, non obstante, o que propoña o que hoxe coñecemos como método hipotético-dedutivo, característico das ciencias empíricas, que veremos detidamente máis adiante.

## 2. A DEMARCACIÓN E SEPARACIÓN ENTRE FILOSOFÍA E CIENCIA

Trala revolución científica, o desenvolvemento progresivo da investigación metódica e rigorosa nos diferentes campos da realidade dará lugar a “corpos sistemáticos de coñecementos organizados e especializados” que se independizan e separan da Filosofía, adquirindo autonomía propia: nacen así as diferentes ciencias no sentido moderno da palabra, diferenciándose da Filosofía.

Compre, non obstante, sinalar que este proceso de constitución das ciencias modernas foise realizando ao longo de séculos sen que se producira dende un primeiro momento unha demarcación clara entre Ciencia e Filosofía. Newton, o creador da Mecánica clásica, aínda usa a denominación de *Filosofía natural* para dar título á súa principal obra, a finais do s. XVII; e ao comezo do s. XIX Lamark titula co nome de *Filosofía zoolóxica* a obra na que expón a súa teoría da evolución das especies.

### 2.1. Demarcación entre Ciencia e Filosofía

O criterio para separar o que se considera Ciencia do que non o é, ten provocado debates moi interesantes. Pero hai que ter en conta que o concepto de Ciencia foi cambiando ó longo da historia. O que na actualidade entendemos por Ciencia ten a súa orixe específica na revolución científica do Renacemento e no método hipotético-dedutivo das ciencias empíricas acuñado por Galileo; pero ata tempos moi recentes (S. XIX) non se diferenciaba da Filosofía, pois este concepto incluía todo o saber racional, como xa se ten sinalado anteriormente.

Na actualidade, téñense proposto diversos criterios para diferenciar o que é Ciencia fronte ao que é Filosofía; pero, en xeral, hai un amplo acordo en que o que caracteriza á Ciencia é o seu método de investigación e de xustificación dos resultados. Simplificando, podemos dicir que un dominio de investigación constitúese como Ciencia se os seus resultados se someten ás esixencias do

chamado método científico: a) que sexan demostrables formalmente, e/ou b) que sexan comprobables empiricamente (na experiencia) mediante experimentos ou observacións rigorosas. Estas condicións son as que permiten o acordo na comunidade científica e o avance e progreso acumulativo nestes campos do saber.

Por Ciencia entendemos hoxe, pois, un conxunto sistemático de coñecementos precisos e ben fundados sobre un campo específico de fenómenos, que se someten á pública comprobación da comunidade científica, e á súa revisión, se fora o caso. Á Filosofía, pola contra, correspóndelle, un papel de “reflexión de segunda orde”, que poderíamos denominar “pre-científico” ou “post-científico”: a) a exploración racional de problemas e temas para os que non existe (polo menos na actualidade) resposta científica, e b) a análise das bases e dos resultados das propias ciencias, exercendo a crítica racional sobre as mesmas e desenvolvendo interpretacións e consecuencias para a vida humana. Unha tarefa máis especulativa e globalizadora (interdisciplinar) sobre o sentido da vida humana, que non compite coas ciencias aportando novos coñecementos, senón que recolle os seus resultados.

## 2.2. Clasificación das Ciencias

A distinción fundamental á hora de clasificar os diferentes tipos de ciencias é a de formais e empíricas.

- a) As *ciencias formais* son construcións lóxicas ideais da razón, non tratan de fenómenos ou feitos observables mediante a experiencia sensible. Son a Lóxica formal e as Matemáticas: nelas o importante é a estrutura ou forma lóxica que conecta uns enunciados con outros, de tal xeito que duns se derivan necesariamente os outros; sen importar o campo de fenómenos ao que puideran aplicarse esas estruturas. O fundamento que lles da validez son as regras lóxicas do razoamento dedutivo e as súas esixencias, non as esixencias da realidade observable, aínda que sexan aplicables á mesma. Tales ciencias foron a primeiras en constituírse en saberes seguros xa dende a Antigüidade grega.
- b) As *ciencias empíricas*, pola contra, estudan fenómenos ou feitos que, dalgún xeito, poden ser obxecto de experiencia sensible (empírica; de *empireia*, experiencia). Ás veces tamén se lles chama experimentais, porque, na maior parte delas, os experimentos son un momento decisivo do seu método de investigación e xustificación. A base na que se fundamentan é a observación da realidade. A súa constitución como ciencias seguras prodúcese trala revolución científica do Renacemento coa aplicación sistemática e rigorosa do método hipotético dedutivo á investigación e coñecemento da realidade.

Adoita distinguirse, dentro delas, as naturais e as humanas (ou sociais), segundo cal sexa o seu obxecto da súa investigación. En cada unha

delas hai técnicas ou esixencias metodolóxicas específicas determinadas polo seu obxecto de estudo.

- As *ciencias naturais* teñen por obxecto os fenómenos ou seres naturais (físicos; de *physis*, natureza): Astronomía, Física, Química, Xeoloxía, Bioloxía, etc. Parten do presuposto de que os fenómenos naturais están determinados por causas naturais, que producen regularidades que cabe investigar e expresar como leis funcionais, a partir das que se pode predicir e controlar tales fenómenos.
- As *ciencias humanas* tratan de fenómenos producidos polo comportamento dos seres humanos, que poden actuar de xeito intencionado co obxecto de acadar certos fins ou propósitos. Isto supón a necesidade de interpretar os feitos dende esta perspectiva intencional, non directamente observable moitas veces, pero que produce tamén resultados non intencionados por efecto dunha causalidade múltiple. Son a Historia, a Psicoloxía, a Socioloxía, a Economía, etc.

### 3. O MÉTODO CIENTÍFICO

O método científico non é máis que o camiño a seguir na investigación científica para chegar a resultados seguros. En liñas xerais, non é máis que a aplicación sistemática e rigorosa dos procedementos racionais, xa vistos anteriormente, articulando adecuadamente o dobre proceso do razoamento: indución e dedución.

Xeralmente, cando se fala do “método científico” en singular, adoita referirse ao método característico das ciencias empíricas, formulado por Galileo nas súas liñas fundamentais, e que sole denominarse método hipotético-dedutivo. Pero, non hai un único método aplicable universalmente a todas as ciencias, pois teñen bases e esixencias moi distintas, determinadas polo propio obxecto de estudo de cada unha. O método característico das ciencias formais é o axiomático-dedutivo, mentres que o das ciencias empíricas é o denominado hipotético-dedutivo, se ben, dentro delas iranse desenvolvendo procedementos e técnicas específicas en cada campo.

#### 3.1. O método axiomático-dedutivo.

É o método característico das ciencias formais (Lóxica e Matemática). Xa foi utilizado polo matemático grego Euclides, e o filósofo e matemático moderno Descartes (s. XVII), impresionado pola seguridade e firmeza das Matemáticas, adoptouno como método universal de todo auténtico saber.

Todo o método descansa na dedución. Partindo de enunciados básicos indemostrables (evidentes !?), chamados axiomas ou postulados, deriva con

necesidade lóxica outros enunciados, denominados teoremas, segundo regras de transformación definidas e rigorosas.

Un sistema axiomático pódese describir nos seguintes pasos ou elementos:

- a) En primeiro lugar, un cálculo ou linguaxe formal definido consta de:
  1. un conxunto de signos convencionais e artificiais da linguaxe formal ou sistema de cálculo, que non fan referencia semántica a ningún campo da realidade, (aínda que poidan ser aplicados a diferentes campos),
  2. unhas regras sintácticas que permiten combinar tales signos formando enunciados correctos dentro dese cálculo (expresións ben formadas).
- b) Axiomas ou postulados. Son enunciados que se toman como principios básicos e indemostrables, dos que se derivarán todos os demais enunciados por dedución necesaria. Tradicionalmente definíase un axioma como unha verdade evidente (incuestionable) para diferencialo dos postulados, que non tiñan por que ser evidentes (só se pedía que fosen aceptados como verdadeiros sen demostración). Actualmente, non se require que un axioma sexa unha verdade evidente, co que practicamente a distinción vai desaparecendo.
- c) Regras de transformación definidas, que permiten operar sobre os axiomas de partida transformándoos e xerando novos enunciados.
- d) Teoremas, que son enunciados derivados mediante as regras de transformación, partindo dos axiomas. Terán valor necesario e universal, sempre que foran correctamente derivados aplicando correctamente as regras.

Un sistema así construído terá valor formal necesario e universal, sempre que sexa consistente, é dicir, que non produza enunciados contraditorios; nese caso sería inconsistente e inadmisíbel. Pero non trata de ningunha realidade concreta, aínda que poida aplicarse a diversos campos da realidade para formalizalos e operar lóxicamente neles.

### **3.2. O método hipotético-dedutivo**

O método hipotético-dedutivo, procedente de Galileo, é o método xeral de todas as ciencias empíricas. Combina a indución coa dedución articulando os dous planos nos que se asenta o noso coñecemento racional da realidade: a experiencia sensible (que nos pon en contacto coa realidade), e o razoamento lóxico (que nos permite construír teorías explicativas da mesma). Este proceder metodolóxico lévanos constantemente dos feitos observados ás construcións teóricas, que de novo han de ser contrastadas nos feitos; e así sucesivamente.

Os momentos ou pasos fundamentais do método hipotético-dedutivo poden sintetizarse así (poderían compararse co proceder dun detective):

- a) **Observación.** A investigación científica empeza coa observación de feitos, que suscitan a curiosidade e a busca dunha explicación. Pode tratarse de unha observación ocasional ou ser froito dunha observación sistemática; e tanto dun fenómeno ordinario (a caída dunha mazá dunha árbore, no caso de Newton), como dun fenómeno estraño ou anómalo. Pero o importante é a curiosidade e interese que esperta no científico, que o leva a analizar os aspectos relevantes dun fenómeno e pon en marcha a investigación.
- b) **Formulación de hipóteses.** Os feitos observados por moitos que sexan non constitúen aínda ciencia, son os materiais sobre os que se elabora a ciencia, que é unha construción racional para explicar os feitos. Para iso, fórmulanse hipóteses, que son conxecturas ou suposicións explicativas. As hipóteses son guías que orientan e ordenan a investigación. Son o momento creativo, que esixe imaxinación e enxeño.

As hipóteses científicas han de formularse en termos precisos e integrar todas as variables relevantes do problema; tamén han de ser contrastables posteriormente con experiencias posibles. Non son verdadeiras hipóteses científicas aquelas se escapan a toda posible comprobación, debido á súa ambigüidade ou a situarse nun plano alieo a toda experiencia posible. As hipóteses non contrastables (p.e. a alma humana é espiritual e inmortal) non teñen carácter científico. Están máis alá desa liña de demarcación entre o que é ciencia e o que non o é.

Dentro da investigación científica unhas hipóteses pode ser máis conservadoras fronte a outras máis revolucionarias e máis audaces. As conservadoras son as que respectan as concepcións científicas establecidas, móvense dentro do paradigma científico dominante, e son características de períodos de “ciencia normal”. As máis audaces ou atrevidas son froito dunha imaxinación creadora disposta a romper e revisar as concepcións tradicionais, e poden provocar revolucións científicas, impulsando o avance científico con saltos revolucionarios.

- c) **Dedución de consecuencias.** As hipóteses non se observan directamente, por tratarse de enunciados de tipo xeral. Pero delas han de derivarse dedutivamente consecuencias lóxicas concretas que poidan ser obxecto de experiencia. Por exemplo, “se a hipótese X fose certa, entón deberían ocorrer os fenómenos p, p, r...”.
- d) **Contrastación.** Esta é a proba crucial na investigación científica: comprobar se as consecuencias e predicións derivadas da hipótese se

dan na realidade ou non. Esta é a fase da *experimentación*, cando as condicións a fan posible, provocando os fenómenos en condicións controladas para observar os resultados. Cando as condicións non poden ser controladas polo investigador (por imposibilidade física ou moral), entón a comprobación realízase mediante *observación* dirixida e sistemática.

Se os resultados da contrastación son positivos (coinciden coas implicacións e predicións derivadas da hipótese), dicimos que a hipótese foi verificada e, polo tanto, confirmada. Se os resultados da contrastación son negativos dicimos que foi falsada e polo tanto a hipótese refutada.

- *Verificación.* Unha hipótese xeral nunca pode ser totalmente verificada. Dende un punto de vista lóxico, non é posible que unha proposición ou xuízo universal sexa definitivamente confirmado por feitos concretos e particulares (estamos no mesmo problema da validez das xeneralizacións indutivas, que nunca teñen valor necesario e universal; só de probabilidade). Ademais a implicación lóxica vai da hipótese ás consecuencias derivadas dela, pero non ao revés (da verdade do antecedente dun condicional pódese derivar a verdade do consecuente, pero non ao revés). Por iso, unha hipótese nunca é totalmente verdadeira, sempre cabe a posibilidade de casos negativos ou contraexemplos. Será tanto máis probable -terá máis probabilidade de ser verdadeira- canto maior sexa o número de implicacións empíricas ou predicións confirmadas pola experiencia.
- *Falsación.* Pero dende un punto de vista lóxico, unha hipótese pode ser totalmente falsada. Abondaría un só caso negativo para refutar a proposta xeral da hipótese.

Contrastar unha hipótese é poñela a proba do modo máis rigoroso e completo. É preciso investigar permanentemente todas as posibles implicacións contrastadoras ou predicións empíricas que a poidan confirmar, verificándoa, ou refutar, falsándoa. Unha teoría será tanto máis verdadeira canto máis contrastada estea. De aí, o carácter aberto e progresivo do coñecemento científico, sempre sometido a posibles revisións; pero aí reside tamén a esencia da súa racionalidade e a súa grandeza.

A contrastación é, ademais dun procedemento de decisión, o criterio de demarcación entre a ciencia e o que non é ciencia. A interpretación dos soños ou a teoría da neurose de Freud, a concepción materialista da historia de Marx, a teoría das ideas innatas de Chomski... son hipóteses non contrastables, ao menos polo momento. Aínda non son ciencia.

Unha hipótese suficientemente contrastada convértese nunha *lei*, que expresa determinadas regularidades empíricas baseadas no principio de causalidade, e que permiten predicir e controlar os fenómenos. Finalmente, un conxunto de leis, articuladas forman unha *teoría* científica, pode ser considerada como unha hipótese de longo alcance suficientemente contrastada.

### 3.3. O método hermenéutico

O método hermenéutico ou de interpretación é característico das ciencias humanas, porque nas accións humanas hai factores intencionais que interveñen, aínda que non sexan directamente observables. Por iso, para unha comprensión adecuada dos comportamentos humanos é preciso interpretar os datos e desvelar as claves internas que permitan esa comprensión, máis alá da determinación causa-efecto característica das ciencias naturais. Non obstante, a metodoloxía xeral básica das ciencias humanas é tamén o método hipotético dedutivo como en todas as ciencias empíricas.

### 4. Límites do coñecemento científico

Non é un saber absoluto. Ningunha ciencia é un dogma doutrinal...  
Sempre provisional e revisable..., pero apoiado e sustentado polas esixencias da racionalidade.

Limitacións:

- A propia racionalidade humana incompleta e limitada.
- Razóns de tipo ético, que esixen o respecto pola dignidade humana.

## ACLARACIÓNS E PRECISIÓNS COMPLEMENTARIAS (sección 4ª)

### 1. Modalidades de verdade e criterios de recoñecemento da mesma

O significado do concepto de verdade adquire diferentes modulacións segundo os contextos nos que se use, e os referentes aos que se aplique. Podemos reducir estes contextos a tres fundamentais: a) o contexto *ontolóxico*, centrado na realidade das cousas (o ser dos entes), b) o contexto *gnoseolóxico*, centrado no noso coñecemento, e c) o contexto *moral e político*, centrado na relación e comunicación interpersoal. No primeiro caso falaremos de *verdade ontolóxica*, no segundo de *verdade gnoseolóxica*, e, finalmente, no terceiro, de *verdade moral*.

a) A verdade ontolóxica reside no mesmo ser das cousas e consiste na súa *autenticidade*: cando algo é o que aparenta ser, e as súas aparencias non enganan (o ser coincide coas aparencias). Así, dicimos dun amigo, dunha xoia ou dun temporal que son verdadeiros ou falsos, se son o que parecen. De aí o sentido profundo do concepto grego de verdade como des-velamento ou des-ocultamento da esencia máis alá da aparencia.

b) A verdade gnoseolóxica aplícase ao noso coñecemento e radica polo tanto no noso pensamento, nos xuízos que formulamos e nos enunciados ou proposicións en que se expresan tales xuízos. Pero hai que distinguir dous tipos básicos de xuízos e, polo tanto, de verdades: analíticos e sintéticos.

- Nos xuízos e proposicións *analíticas* o predicado xa está contido implicitamente no significado do suxeito, e non amplía, polo tanto, o coñecemento, como nas proposicións “o xeo é frío”, “os triángulos teñen tres ángulos”, etc. Só establecen relacións entre ideas, e a súa verdade é necesaria e universal independentemente de se existen ou non realmente tales cousas; polo tanto non son empíricas, pois non teñen a súa base na experiencia, non falan de feitos.

- Nos xuízos e proposicións *sintéticas*, pola contra, o predicado engade algo que non estaba incluído no significado do suxeito, e amplía así o coñecemento; pero, por iso, precisan basearse en datos de experiencia, en observacións; son empíricas.

A distinción anterior lévanos a diferenciar dous tipo de verdades gnoseolóxicas :

- A verdade *formal ou lóxica*, que só atende á corrección lóxico-formal do noso pensamento (relación entre ideas), e non fai referencia a feitos empíricos observables. Polo que o criterio distintivo da verdade lóxica é a *coherencia*, isto é, a imposibilidade de aceptar unha contradición. É característica das ciencias formais, cuxas proposicións son analíticas.

- A verdade *empírica*, pola contra, fai referencia a feitos observables, e o criterio distintivo da mesma é a *correspondencia* ou *adecuación* entre o contido do pensamento e a realidade dos feitos aos que fai referencia. (Esta concepción presentará na historia da filosofía diferentes problemas; un dos principais será a aceptación dun realismo inxenuo, que dá por suposta a existencia dunha realidade exterior independente do suxeito, pero que este é capaz de coñecer; ou, pola contra, a dúbida sobre a existencia dunha realidade independente do suxeito –idealismo-).

c) A verdade moral consiste en *sinceridade* ou fiabilidade. O seu criterio distintivo é a correspondencia entre o pensamento e as súas manifestacións. O contrario é a mentira, que pretende enganar inducendo a error. Este concepto de verdade é o que subxace no fondo da idea de verdade como fiabilidade e confianza característico da cultura hebrea.

## 2. Estados mentais ou psicolóxicos respecto á verdade

O estado psicolóxico do suxeito respecto ao seu coñecemento non sempre se corresponde coa verdade ou falsidade obxectiva do mesmo. Cabe distinguir, pois, diferentes estados psicolóxicos básicos ao respecto:

- a) Certeza: seguridade ou convicción subxectiva de coñecer a verdade de algo. Tal seguridade non sempre se corresponde con verdades obxectivas, polo que poden darse certezas de falsidades obxectivas (que xeran ás veces actitudes dogmáticas e acríticas).
- b) Dúbida: estado subxectivo de inseguridade cognoscitiva no que se consideran discutibles as propias opinións someténdooas a análise crítica.
- c) Ignorancia: estado psicolóxico subxectivo no que se recoñece non saber.

## 3. O *criticismo*

É a posición teórica sobre o coñecemento, sostida orixinariamente por Kant, que defende a posibilidade por parte da razón humana dun coñecemento teórico verdadeiro (neste aspecto coincide co dogmatismo racionalista), pero dentro duns límites que a razón humana non pode sobrepasar, que son os límites da experiencia (coincide neste aspecto co escepticismo característico do Empirismo). O que fixo Kant foi someter a razón humana a unha análise crítica para determinar as súas posibilidades e os seus límites no campo do coñecemento (entre o dogmatismo e o escepticismo).

## 4. Algunhas teorías sobre a verdade

As diferentes teorías sobre a verdade responden a concepcións filosóficas históricas e, polo tanto, só adquiren pleno sentido no contexto das correntes en que se formularon. (No próximo curso ao estudar a Hª da Filosofía poderán entenderse moito mellor)

Todas as teorías ás que nos imos referir tratan da verdade gnoseolóxica e empírica. Neste campo a posición tradicional (Aristóteles, Tomás de Aquino, etc.), e a máis estendida, é a da *verdade como adecuación ou correspondencia*. Pero a versión clásica desta teoría foi acompañada dun *realismo inxenuo*, que o pensamento moderno puxo en cuestión; de aí certas revisións modernas desta posición teórica desde un novo *realismo crítico* menos problemático. A este intento responde a *teoría semántica da verdade* de Tarski dentro do xiro da filosofía contemporánea cara a análise da linguaxe.

Tarski sitúa o problema da verdade na linguaxe: “verdade” ou “falsidade” son propiedades metalingüísticas só aplicables a proposicións lingüísticas de nivel inferior (linguaxe-objeto, ao que fai referencia unha metalinguaxe). Pero, con isto elude o problema filosófico principal e inevitable: a relación entre as proposicións lingüísticas e os feitos.

As demais teorías que se presentan aquí nesta sección responden todas a unha mesma idea: as limitacións da razón humana fan imposible garantir a posibilidade de verdades absolutas, plenas e intemporais. De aí, a necesidade de afirmar que toda verdade humana é parcial e relativa, pois só somos capaces de captar perspectivas particulares dunha realidade complexa e multifacética (*teoría perspectivista*); a verdade plena e absoluta só se daría no proceso completo do avance continuo da razón humana (*a verdade como proceso*). Ademais, a limitación e falibilidade da razón individual esixe a cooperación intersubxectiva para chegar á verdade nun proceso de diálogo argumentativo que propicie consensos ou acordos racionais (*teoría do consenso*). Mesmo a *teoría pragmática* supón tamén estas limitacións da razón humana, polo que propón como criterio distintivo de verdade o resultado e a utilidade práctica das teorías (“verdade é o que funciona e dá resultado”).